

ANIMAIS DE COMPAÑÍA

Texto de MANUEL LORENZO GONZÁLEZ

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

Animais de compañía (galego)

ISBN 978-84-8464-329-6. Demademora.

Animales de compañía (castelán)

ISBN 978-84-8464-330-2. Primeros lectores.

Esta era unha vella moi vella

á que chamaban dona María.

A pobre vivía soa, moi soa,

sempre triste e aburrida.

Unha mañá subiu ao monte...


A vella dona María subiu un día ao monte e volveu cunha caixa na que gardara varios bechiños silvestres para que lle fixesen máis levadeira a súa soidade. Aconteceu daquela que unha veciña curiosa e algo lingoreteira quixo saber que había dentro.

Dona María contoullo, mais a muller entendeu algo que nada tiña que ver coa realidade. A partir de aí, armouse en toda a vila unha tremenda confusión que chegou a alarmar as autoridades. Que habería de certo no misterioso recipiente da anciá?

“Animais de compañía” é un relato construído a partir dun xogo de palabras que amosa o moito que pode variar a percepción dos acontecementos ao iren pasando de boca en boca.

Estes versos rimados e cheos de humor animan os lectores a xogar por si mesmos formando e deformando a linguaxe; unha proposta que nos remite á obra de clásicos como Lewis Carroll.

O texto de Manuel Lorenzo González vai acompañado nesta nova edición polas ilustracións de Óscar Villán: co seu estilo persoal e co apoio dun intenso colorido, as imaxes destacan pola expresividade dos personaxes e por reflectir con sinxeleza e eficacia o divertido xogo de palabras.



■ **Temática:** xogo de palabras.

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** formación e deformación de palabras e imaxes; humor; soidade, relacións sociais, transmisión de historias; natureza, fauna; do ilustrador da colección “Do berce á lúa”, “Canta connosco!”, “O coelliño branco”, “A cebra Camila”, “Amora” e “Un becho estraño”, entre outros.

Manuel Lorenzo González

(Vilboa, 1955)

Licenciado en Pedagogía, é catedrático de Lingua Galega e Literatura. É autor de numerosas obras de distintos xéneros: libros de relatos, novelas, teatro, literatura infantil e xuvenil, libros de texto... Entre os premios que recibiu figuran o Manuel García Barros (1995), Carvalho Calero (1995), Café Dublín (1995), Merlín (2003), Frei Martín Sarmiento (2005), Xerais (2008), Blanco Amor (2011), Barco de Vapor (2011) e Jules Verne (2017).

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, “O coelliño branco” (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre a trintena de libros que ilustrou para diversas editoriais destacan os da colección *Do berce á lúa*, o libro-disco “Canta connosco!”, os álbums “Un becho estraño”, “A Cebra Camila” e “Amora”, os libros de relatos “O Rei Oso Branco” e “Non hai escapatoria” (KALANDRAKA). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis. Dirixe a colección de arte *Alfabetos*, de KALANDRAKA.

<http://ovillan.com>

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com